



O ENTERRO DA SARDIÑA NA CIDADE DE LUGO. ANOS 2003-2012

José Manuel Blanco Prado¹

In memoriam José Barreiro²

I. INICIOS DO ENTERRO DA SARDIÑA E O SEU DESENVOLVEMENTO EN GALICIA

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica mais logo co paso dos anos construíuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida polo crego -o Gran Espetón- que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as choronas, as autoridades e finalmente os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan burla, ironía, sarcasmo e crítica e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica (Lugo), nunha incineración (Burela) (Vilalba) (Viveiro) ou nunha inmersión no río (Monforte de Lemos) ou no mar (Marín) (Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid onde no reinado do monarca borbónico Carlos III³ chegou a Madrid, procedente dalgún porto do norte de España, un cargamento de sardiña en mal estado, polo que as autoridades competentes, malia as condicións de pobreza da poboación, acordaron enterralas na Casa

de Campo. O pobo aínda que ao comezo protestou e provocou algúns incidentes, logo participou cun ton burlesco e sarcástico en dito enterro, que sería recordado anualmente. Outra variante sería a dos ilustrados madrileños que tomando como motivo estes acontecementos da fame popular, parodiaron o enterro do peixe e repetírono en anos sucesivos⁴.

Posiblemente a descrición máis antiga que se conserva deste ritual madrileño sexa a de Ramón de Mesonero Romanos, autor costumista madrileño que na súa obra *Escenas matritenses* fai mención ao Enterro da Sardiña⁵, ao igual que anos despois ía facer Pascual Madoz⁶.

O Enterro da Sardiña está reflectido no cadro do mesmo nome realizado polo pintor aragonés Francisco de Goya entre os anos 1812 e 1819. Nel o pintor plasma a vitalidade popular, a ledicia de vivir do pobo, que goza de liberdade e pode manifestarse sen ningún tipo de restrición, aínda que sexa nun tempo curto no que as leis e as institucións quedan abolidas⁷.

1 Profesor xubilado do I.E.S. "Xoán Montes" de Lugo, e Doutor en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

2 Ilustre lucense (xa finado), fundador da Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda.

3 O seu reinado estendeuse desde o ano 1759 ata o ano 1788.

4 Cocho, Federico: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Xerais, 1992, pág. 281.

5 Mesonero Romanos, R.: *Escenas matritenses*, Madrid: Espasa Calpe, 1986.

6 Madoz, Pascual: *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España*, t. X, Madrid: 1847, pág. 1.075, a-b.

7 Bozal, Valeriano: *Francisco de Goya, vida y obras (2 vols.)*, Madrid: 2005, páxs. 172-176.

Aparentemente o Enterro do Entroido debía simbolizarse enterrando carne e non peixe, que vai ser algo moi habitual na dieta gastronómica da Coresma, debido ao período de abstinencia e xaxún, que hai segundo o precepto cristián. Agora ben na antigüidade, cando se comía de vixilia durante toda a Coresma, adoitábase enterrar un costelar de porco ao que se lle daba o nome de sardiña, distorsionándose seu significado polo que no intre actual ten de peixe⁸. Sen embargo, Federico Cocho dinos que esta interpretación non é obxectiva debido a que non hai respostas axeitadas á persoa, lugar e momento no que se usou o termo sardiña cun significado diferente ao que ten hoxe⁹. Outra interpretación fai referencia a un sentido ambivalente da sardiña. Así, por unha banda simbolizaría á Coresma ao ser un peixe, mais por outra podería representar ao Entroido xa que ao comela salgada estimularía o consumo de viño¹⁰.

Con respecto a Galicia, unha serie de etnógrafos como Vicente Risco¹¹, Taboada Chivite¹² e Clodio González, entre outros, fixeron alusión ao Enterro da Sardiña. Para Clodio trátase da escenificación dun enterro -segundo o rito cristián- no que hai cregos, autoridades, choronas, e persoas de toda índole formando parte da comitiva. Esta adoita deterse nunha praza onde se leva a cabo a lectura de diferentes estrofas ou salmodias, que amosan un carácter burlesco e satírico. Finalmente o cadaleito coa sardiña no seu interior pode ser enterrado, queimado e mesmo tirado a un río¹³.

Este ritual comezou a implantarse nalgunhas cidades e vilas galegas a partir da segunda metade do século XIX. O motivo esencial foi debido ao desexo de incorporar costumes e tradicións da capital do Estado

por parte daqueles grupos sociais que exercían unha maior influencia na poboación.

Polo que respecta á provincia de Lugo temos constancia da existencia deste ritual na cidade de Lugo e nalgunhas vilas como Burela, Monforte, Vilalba e Viveiro. Noutras, como Chantada e Sarria a súa implantación foi meramente temporal.

II. O ENTERRO DA SARDIÑA NA CIDADE DE LUGO. ANOS 2003-2012

No ano 2000 Mercedes Barreiro González, filla de José Barreiro, e o seu cónxuxe Andrés Rubino decidiron recuperar a "Confraría do Enterro da Sardiña"¹⁴ como fundamento imprescindible para que este peixe puidera seguir enterrándose simbolicamente coma sempre. Inicialmente contaban co apoio inestimable do concelleiro de Cultura, naqueles intres o Sr. Eguibar, e do Círculo das Artes. Tamén desde o primeiro momento tiveron o apoio de coñecidos, de membros da devandita confraría e de moitas persoas en xeral, xa que vían con agrado a recuperación dun evento que tivera moita repercusión social na cidade de Lugo.

8 Madoz, Pascual: *Ob. cit.*, páx. 1.075.

9 Cocho, Federico: *Ob. cit.*, páx. 282.

10 Mariño Ferro, Xosé Ramón: *O Entroido ou os praceres da carne*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. do Castro, 2003, páx. 157.

11 Risco, Vicente: "Etnografía: Cultura espiritual", en *Historia de Galicia*. T. I, Madrid: Akal, 1979, pp. 225-763.

12 Taboada Chivite, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx.60.

13 González Pérez, Clodio: *As festas cíclicas do ano*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, Manuais, nº 2, 1991, páx. 49.

14 Fundada no ano 1985 por José Barreiro, xa finado. Tamén chamada "Moi nobre e festiva Confraría da Parranda".



Praza de España. Velorio do Enterro da Sardiña

Pois ben, este mesmo ano, decidiron sacar de novo o Enterro da Sardiña polas rúas da capital lucense. Por tal motivo comezaron cos preparativos e os ensaios pertinentes. Estes últimos fixéronse, coma sempre, no Círculo das Artes, de onde o mércores de cinza saíu a comitiva fúnebre ás oito da tarde.

O desfile do enterro ía encabezado polo estandarte da Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda, que é unha réplica do mascarón pintado por Goya. A continuación, o Gran Espetón, especie de sumo sacerdote, vestido cunha roupaxe de cor negra -capa e capuchón- e vermella, que era e segue sendo o encargado de recitar os ferretes no transcurso do percorrido procesional e, logo, ao seu remate no templete da música; ía acompañado en ambos os dous lados dunha parella de acólitos provistos de incensarios. Logo, viña un confrade que levaba unha sardiña de cartón cravada nun tridente; este ía acompañado aos seus flancos de dous compañeiros da confraría, que levaban carteis alusivos ao Círculo e ao Concello, como entidades colaboradoras do evento. Posteriormente, viña o cadaleito da sardiña levado nas súas andas por seis pescadores cos seus traxes de faena de

cor amarela; ía acompañado de dous confrades, que portaban os estandartes alusivos a D. Carnal e a D^a. Coresma e de dúas ringleiras de confrades vestidos con roupas de cor negra. No centro da comitiva fúnebre viña unha banda de música, cuxos integrantes ían vestidos con roupaxe de cor vermella. Na parte final do enterro adoitaban ir os seguintes estandartes: o do gato, coa súa tixola baleira de peixe; outro coa grella; e finalmente os do burro e o porco, que levaban inscritos dous ferretes, que a confraría adoitaba recitar nas Prazas do Campo e da Soidade, respectivamente. Pechaba a comitiva fúnebre o coro xeral e o público acompañante.

Estandarte do Burro

Este é o burro do Entroido,
levántalle o rabo
e bícalle o coiro,
bícallo ben,
ata o ano que ven.

Estandarte do Porco

Este é o porco de
San Antón,
dende o fuciño
ata o xamón,
todo el sabe ben,
in ecula seculorum.
Amén



Estandarte do Burro

Con respecto ao percorrido, iniciábase na Alameda ao carón do Círculo das Artes, onde se entoaba o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. Logo proseguía por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde adoitaban deterse diante do bar Anda, para dedicarlle a súa "Peña" unha das estrofas do "Canto patético", interpretado na procesión.

A primeira parada importante tiña lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón, recitaba as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun refrán pola confraría en pleno, relacionado co estandarte do burro.

A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuaba a súa marcha pola Rúa Nova ata chegar á Praza da Soidade, onde se detiña de novo. Aquí o Gran Espetón volvía pronunciar outras estrofas dedicadas á Praza do Rastro e á capela da Soidade, sendo coreado cun refrán pola confraría en pleno, mais esta vez relacionado co estandarte do porco.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raiña, a comitiva dirixíase, atravesando a Alameda, ao templete da música. Neste lugar, ao igual que fixera na Praza do Campo e da Soidade, o Gran Espetón, recitaba un longo repertorio de "ferretes" onde a crítica ao Concello constituía a nota esencial. Finalizada a interpretación da última copla procedíase a enterrar simbolicamente á sardiña entre os lamentos das choronas.

No intre actual, tanto a estrutura da comitiva fúnebre como o percorrido que realiza segue sendo o mesmo. Hai pequenas variacións en canto que a participación é máis numerosa, e logo poden incorporarse carteis alusivos a problemas moi puntuais.

En relación aos ferretes, todos estaban e seguen estando escritos en galego. Sen embargo, no transcurso deste século houbo algúns cambios relacionados coa participación de moitos bares, situados no casco vello da cidade, no evento. Polo tanto, non resulta estraño que se elaboraran estrofas alusivas a esta colaboración, e que foran recitadas durante algúns anos, ata que se decidiu conceder aos bares colaboradores uns diplomas acreditativos.

1. Coplas dedicadas aos bares colaboradores¹⁵.

Paramos a procesión
que ninguén siga (bis)
pois nesta estación,
temos o "VIGAS" (bis)

Loce crespóns de loito
a "PENA ANDA" (bis)
para honrar o festexo
da súa "parranda" (bis).

Entramos todos na praza
que aquí tamén "O POTE"
co San Vicente, (bis)
está presente. (bis)

Bebamos todos
no "CAMPOS"
máis no "TOSAR", (bis)
que tamén no "BAR
ANTAS"
van convidar. (bis)

2. Canto patético para interpretar na procesión

A partir do ano 2009, elaborouse un novo Canto Patético, que recolle algunhas estrofas do anterior.

1. Oíde os tristes arpegios
desta salmodia (bis)
que anuncian o comezo
da gran parodia (bis)

2. Celebra a confraría
este esperpento (bis)
ó darlle á sardiña
o paramento. (1)

3. O cadaleito levamos
con gran tristura (bis)
coa cuaresma vaise
tanta fartura (bis)

4. Facemos o vía crucis
imos rezar (bis)
o camiño da Cruz
hai que empezar (bis)

5. Baixando a rúa da Cruz
segue o camiño (bis)
para matar a sede
veña un grolíño (bis)

6. É obrigada parada

a Praza do Campo (bis)
xunto ao San Vicente
fai un descanso (bis).



A sardiña e o estandarte do porco

Logo de cada estrofa a confraría do Enterro da Sardiña recita o seguinte refrán:

Escoitade o meu canto
escoitade o meu canto
e das fridas choronas
o seu triste pranto.

3. Coplas que se recitan na Praza do Campo

O Gran Espetón recita nesta praza unha serie de coplas¹⁶. Logo de cada copla a confraría do Enterro da Sardiña pronuncia o refrán, que sinala a continuación:

Este é o burro do entroido
levántalle o rabo
e bícalle o coiro
bicallo ben
ata o ano que vén

¹⁵ As coplas, que faltan neste artigo por falta de espazo, están publicadas no traballo de José Manuel Blanco Prado, que leva por título: "O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo (1983-2002)", que foi publicado no *Anuario Brigantino*, nº 39, 2016, páxs. 485-517. Este traballo pode consultarse tamén nas seguintes páxinas dixitais: *Anuariobrigantino.betanzos.net*, 2016; *Galicia encantada. Contidos. Revista Dixital* nº 14. Ano 2018. *www.galiciadigital.com*. Artigos de Opinión. Buscador. Blanco Prado, José Manuel.

¹⁶ Id.

4. Coplas que se declaman na Praza da Soidade

Nesta praza, o Gran Espetón declama unha serie de coplas¹⁷. Logo de cada copla a confraría do Enterro da Sardiña recita o seguinte refrán:

Este é o porco de San Antón
dende o fociño
ata o xamón
todo el sabe ben
in secula seculorum, amén.

Polo que respecta aos ferretes que o Gran Espetón pronuncia desde o templete da música da Praza de España¹⁸ varían todos os anos, xa que a nota esencial dos mesmos é a crítica que se fai ás autoridades estatais, autonómicas e sobre todo municipais.

5. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2003

Os ferretes, que o Gran Espetón vai recitar desde o templete da Praza de España, son un reflicto da crítica, que algúns sectores da cidadanía lucense fan do accidente de petróleo nas costas galegas; da política levada por Fraga desde a Xunta; e da levada por Aznar desde o Goberno Central. Así mesmo hai unha crítica a Aznar con motivo da guerra de Irak e a menor escala outra á CEL. Pola contra encontramos loanzas con respecto aos voluntarios que viñeron axudar a retirar o petróleo das nosas costas; e un sentido "adeus" aos negrillos da praza de España.

Logo de cada ferrete, recitado polo Gran Espetón, a confraría do Enterro da Sardiña así como o público asistente ao evento declaman o seguinte refrán:

Xa pasaron catro anos
con esta corporación
socialistas e bloqueiros
xuntos cantan o Alirón!

5.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

5.2. Cun funeral de cores
os "negrillos" xa partide
e o segredo dos amores
dos lugueses compartides,
decímosvos Ata sempre!
coa alma e o corazón
ós que por tempo ornasteis
a nosa Praza Maior.

5.3. Có Breogán témola teima,
de non podelo soportar,
sin que medie D. Francisco
que é a Diputación Provincial.

5.4. O Concello de Lugo
encheunos de "farol"
E din a oposición
que isto agora vai peor.

5.5. Menos mal que agora temos
mulleres candidatas,
ben lle cómpre ó Alcalde,
a experiencia pra estas datas.

5.6. Xa veñen as eleccións
que diaño de enfrentamento!
Un home e dúas mulleres
non sae o tanto por cento!.

5.7. Ai, dona Manolita!
raíña da formación.
E si es cabeza de lista
para xefa da oposición?.

5.8. Moito corres por Lugo
pra gañar na elección.
Máis corías co Mariano
naquela presentación.

5.9. Mais díxolle Vázquez a Fraga:
Non fagas o chufantino
que che dimitiu Cuiña
e outros van polo mesmo camiño

5.10. Agora é o peixe,
e antes foi a carne,
Para onde vai Galicia?
Dígao Señor Iribarne
aquí fronte ó Consistorio.

5.11. Tolea a oposición,
fágase o que se faga,
a ver quen poñe o capón
pra botar da Xunta a Fraga.

17 Id.

18 Algúns anos, por obras no templete da música, levouse a cabo nun palco construído a carón do Concello.

5.12. E os premios MAX non se deron,
por medo a que se falase
do que Manolo e Aznar
non souberon arrancar.

5.13. Aznarín, Aznarín,
home de moito bigote,
veña axiña a Galicia
pra sacar o chapapote.

5.14. Manche os pés en aceite,
Garde as súas finuras,
Hai que estar Presidente,
Cás verdes e Cás maduras.

5.15. E faga o amor, Presidente,
faga o amor e non a guerra,
déixenos vivir en paz
mentres gocemos na terra.

5.16. Dígalle ó Sr. Bush
que ten dabondo en Galicia
petróleo, naturalmente,
e sin pagar nin franquicia.

5.17. As gracias infinitas
témosllas que dar
a tódolos voluntarios
que nos veñen a axudar.

5.18. Os chafulleiros da CEL,
cantaron o Bin Bon,
votaron a Dapena,
para enterrar o gran follón.

5.19. Tratándose da CEL,
a desfeita é singular,
por ser entidade paralela,
á Cámara Provincial.

5.20. Comerciantes e Industriais
debéranos pensar,
e non pagar unhas coutas,
que nin Dios sabe onde van¹⁹.

5.21. Y é que en Lugo, por desgracia
hai que estar ás subvencións,
pois os cartiños das xentes,
non veñen de mogollón.

5.22. A nosa terra estaba
pobre ata o gañote.
E por si algo faltaba,
bótannos o chapapote.

5.23. O barco xa se afunde
haino que alonxar,

namentres ti e mais eu,
imos indo a cazar.

5.24. A sardiña cabezuda,
afoga no chapapote,
agora tódolos políticos,
queren chupar do bote.

5.25. Deixemos de pedir
deixemos de chorar
agora o que nos queda
é saber a quen votar.

5.26. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



Rúa da Raiña. O estandarte do mascarón abre o cortexo fúnebre

6. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2004

Os ferretes, que pronuncia o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, reflicten certas críticas por parte dalgúns sectores da cidadanía lucense contra a contaminación e paulatina destrución do río Miño; tamén contra a potabilidade das fontes e contra o tráfico pola Ronda. A nivel de concello reflíctese como a cidadanía está cansada de predicamentos e

19 Barreiro González, Mercedes e Rubino, Andrés.

quere resultados. Non obstante, tamén é consciente de que a oposición agora critica o labor municipal mais cando estaban eles facíano igual. A nivel de goberno central hai unha crítica a Aznar por deixarnos metidos na guerra de Irak... Ademais é mester resaltar a despedida emotiva da concelleira Branca Pazos.



Praza de España. Motivos de crítica

Logo de cada ferrete, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento recitan o refrán, que ven a continuación.

E xa temos unha ponte
fixérona os romanos
e agora que se biquen
o alcalde e o señor Cascos.

6.1. A todo o pobo de Lugo
a ao persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro

6.2. Comezamos a plegaria
con moitísimo fervor,
xa que o alcalde Orozco
é un bo predicador.
Cando se lle pide algo
toma nota. Si señor,
que resolva este labor

6.3. Co plano estratégico
ten a todos ocupados
Mais, señor alcalde!
nós queremos resultados.

6.4. E Dona Manolita
perdeu a elección
pero como recompensa
déronlle un cargo mellor.

6.5. Os cidadáns de Lugo
estamos xa moi contentos
pois a Pasarela
tráenos Fomento
E da nova ponte,
qué hai?
Xa sabemos que...
polo río vai,
E por isto don Francisco
rifa co señor Clemente
a ver se así entre os dous
dístraemos ben a xente.

6.6. E da oposición
non queremos falar
que cando gobernaban eles
facíano igual.

6.7. E decímoslle D. Clemente
que con semellante asignación
non lle toca un pasodoble
nin a banda do Bim Bom.

6.8. Do Concello Dona Branca
despediuse con emoción
por todo lle desexamos
éxito no seu labor.

6.9. E non toques a política
pois é tema delicado,
non seña que tamén che
toque pasar polo xulgado.

6.10. Rajoi e mailo Zapatero
están a gobernar
aló no mes de Marzo
veremos a quen votar.
Zeta Pe vai á carreira
pra saír da oposición
e se desta vez non sae,
zapa zapa zapatero,
zapatero remendón.

6.11. Bush premiou ao seu lacaio
dándolle acento tejano
e a os demais españois
nos van tocar o carallo.

6.12. E como hai eleccións,
aquí veñen os políticos,
con moitas proposicións
e dándolle moito o pico.
Ministros galegos prometen
que gobernen desde España,
pero os problemas de aquí

é aquí onde se amañan.

6.13. Non son potables as fontes
está carrañoso o Miño
e a auga que consumimos
pódenos o noso petiño.

6.14. E os que pola Ronda
tódolos días pasamos
xogámonos a vida
xa que non temos semáforos.

6.15. Nesta cidade de Lugo
todo está levantado
e con isto das obras
andan todos enfrontados.

6.16. Que pasa dona "Concepción"
cós músicos becarios
que da Banda non os bota
porque cre que son máis sabios?

6.17. Aznar vaise displicente
desafiante e burlón
e déixanos nunha guerra
de barbarie e sinrazón.

6.18. Mediocridad e desprezo
son as divisas de Aznar,
con tan boas cualidades
Nos dan ganas de chorar!

6.19. Cascos conseguiu un trofeo
non foi no mar nin na ría
adiviñan vostedes?
foi nunha Galería.

6.20. Se os xornalistas preguntan
Trillo un Euro lles dá
para que pechen a boca
e nos deixen de informar.

6.21. Letizia, nosa señora
hai que darlle moita caña
vai de plebeya a señora
e despois será a raíña de España?
Outra boca que alimentar
na monarquía española
Aforremos uns euros
pra poder pagar a boda.

6.22. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



Praza do Campo. Motivos de critica. A orquestra, o gran espetón, dous acólitos

7. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2005

Nos ferretes que o Gran Espetón vai recitar desde o templete da Praza de España está reflectido como algúns sectores da cidadanía lucense piden un auditorio e unha ponte nova. Tamén está plasmada unha crítica aos bolardos nas beirarrúas polos problemas que ocasionan. Así mesmo hai unha censura ao Sr. Cacharro, que todo o dirixe mesmo co dedo, e á Sra. Manolita por deixar o Concello por outro posto máis axeitado. Isto mesmo pasoulle a Branca no Concello, xa que non lle debeu gustar o posto no que quedara. Pola contra, nas coplas faise unha loanza do traballo, que leva a cabo no Concello o Sr. Fernando Blanco. Como remate, faise unha crítica daqueles ministros, que veñen encantados a xantar o polbo a Lugo mais axiña esquecen as súas promesas.

Logo de cada ferrete, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento, pronuncian o refrán, que ven de seguido.

Goberne quen governe
a nós non nos importa
queremos ver a Lugo
con mais pulos e mais forza

7.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

7.2. Comecemos a rezar
e a pedir con devoción,
que do alcalde Orozco,
teñamos a mediación.
Pois el gábase que oficia
de sacerdote maior.

7.3. Filósofo Orozco
pídelle ó Santo Aquino
que che axude a rexir
a cidade con máis tino. (1)

7.4. En Lugo demandamos
Auditorio e Nova Ponte.
Que levamos moitos anos.
Xa non é cousa de onte.

7.5. Da ponte sobre o Miño
é mellor non falar
será mellor lugueses
que aprendamos a nadar.

7.6. Hai señores! Menos rezar e
mais traballar.
Que as cousas non conseguimos por
moito fotografar.
Alcalde e máis ministros
que isto vén de moito atrás!

7.7. Poñerse uns bolardos
que moito ben nos fan.
Rompendo pernas a eito
axudan a Sanidá.

7.8. Cacharro o de San Marcos
señor e cabaleiro
manda, dita, dirixe
e move tamén a dedo.

7.9. O Sr. Cacharro
moi anoxado nos anda
pois nono convidou Madalena
na entrega Ponte de Alcántara
Di que o ministerio
non ten planificación
e que José Blanco non sabe
de administración.

7.10 Paco non fagas caso
de Blanco nin de Martínez
non son nin populares...
ti es o que máis dirixe.

7.11. Algúns rexidores
fixeron moito por nós.

Sacrificanse, señores
que un alabar a Dios.
Por exemplo, o Sr. Aja,
foivos o mártir maior
comendo tanto marisco
para a súa promoción.
Tamén Dona Manolita
por Lugo se sacrificou
fuxindo do concello
para outro chollo mellor.

7.12. O Bloque nacionalista
no Concello, sempre traballando
para iso está o loitador,
o señor Fernando Blanco.

7.13. Aquel goberno amigo
moito nos ía dar.
Máis aquí todos seguimos
os últimos do lugar.
A ver se o noso País
comeza a despegar
con políticos que esixan
despois de xestionar.

7.14. Uns tiran para acó
outros tiran para aló,
pero isto só se amaña
se tiramos a favor.
Esquezamos as liortas
Por un futuro mellor!

7.15. O Bloque e maillo PP
xuntos fan a oposición
sen crer que os do Goberno
ganaron por mogollón.

7.16. Doña Blanca e Manolita
o concello abandonaron
non lles gustou para nada
o posto no que quedaron.

7.17. O novo Subdelegado
é un home moi marchoso
en Lugo e na provincia
sempre vai moi fachendoso.

7.18. O noso alcalde Orozco
ten vara alta en Madrid.
Zapatero, Blanco e os seus...
todos xantan por eiquí.

7.19. En medio das papatorias do polbo, cañas e tejas.
Os ministros se indixestan
e esquecen as súas promesas.

7.20. O Concello de Lugo é
o de "se Deus quixer"
se Deus quixer temos Ave
e se non teremos tren.

Se Deus quixer vén a Rozas
 se Deus quixer a Teruel.
 Se Deus quixer, Auditorio, Ponte e
 limpo o río hemos ter.
 Se Deus quixer, dos Paxariños
 o parque hannos facer.
 Se Deus quixer, Madalena
 e Jesús e máis José.

7.21. Nin facendo a oposición
 o PP e máis o Bloque.
 Este Concello sigue sendo
 a casa de Tocamerroque.

7.22. Sufrido pobo lucense
 aquí remata o repertorio
 en verdade vos prometemos
 que o próximo ano
 estaremos aquí diante do Consistorio.
 ti es o que máis dirixe.

VIVA O ENTROIDO!



Dúas confrades portando os estandartes de Don Carnal e Dona Coresma

8. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2006



Algúns membros da confraría do enterro e máis da orquestra

Algúns sectores da cidadanía de Lugo expoñen os seguintes motivos de crítica nunhas coplas ou ferretes, que vai declamar o Gran Espetón desde o templete da Praza de España. Así, fan unha crítica ao alcalde e aos concelleiros, que teñen moi boas palabras, mais poucos cumprimentos. Tamén censuran a chegada de Madrid dun director da garda municipal, habendo persoal competente na cidade. Ademais, seguen pedindo o Auditorio e a Ponte Nova como algo que xa parece irrealizable. Así mesmo, alertan do potencial perigo das inmobiliarias de cara as praias lucenses. Finalmente, amosan un total desacordo contra os desaxustes existentes nas subidas dos salarios.

Logo de cada copla, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento, recitan o seguinte refrán:

Se ó alcalde lle preguntas
 o que se vai facer
 "farémolo entre todos"
 iso hache responder

8.1. A todo o pobo de Lugo
 e ó persoal forasteiro
 escoitade con atención
 do voso irmán Espetón
 o ferrete parrandeiro.

8.2. O alcalde e máis Besteiro
 Están a ensinar o PXOM.
 Pois de súpeto seremos

unha grande poboación.

8.3. O dobre que en Compostela
teremos de ocupación
Así tódolos contratistas
terán participación.

8.4. Señor López Orozco
querido alcaldíño.
Sigue Cás boas palabras
Pero cúmpreas un pouquiño.

8.5. Maiorías no son boas
traballan o seu querer,
Iremos de noraboa
se non volve acontecer!

8.6. A nosa Praza Maior
parece un "rastrillo"
onde calquera cousa vale
facendo un "batiburrillo".

8.7. Os leóns xa fuxiron
ao ver tanto exterminio,
por eso del fixeron
ao cemiterio un camiño.

8.8. Ímola virando, Orozco
con paciencia e con tesón.
Tan pronto se nos acabe...
irás toca-lo acordeón!
Fixaivos na sabedeira
que o goberno pon en todos nos:
En Lugo non hai valores,
inteligencia, nin persoal.
E tráennos de Madrid un mozo
de director da garda municipal.

8.9. Xerente da policía
e máis xefes a montón.
Pero nas rúas de Lugo
Segue mandando o follón.

8.10. E que podemos pensar
da nova Xunta galega?
A nós súbennos o dous,
Eles, o dez e o que veña!

8.11. Quero ter un cargo público
Eso mola mogollón!
O bolsillo ben "forrado"
A conta do que votou.

8.12. Mira se D. Manuel tiña
un grande cabezón,
que na súa cachola cabía
toda a nosa nación.
E agora son menester
dous para este labor.

8.13. E que é o que pasa
coa cidade da cultura?
Que o mausoleo de Fraga
quedou sen sepultura.

8.14. Paco Vázquez ao Vaticano,
D. Manuel ó Senado,
Así se xubilan agora
estes políticos do pasado.

8.15. Pepiño Blanco, en confianza,
fixo un gran titular:
Para Rozas unha empresa
os avións vén despezar,
máis con outras promesas
foise voando pra o mar.

8.16. Fun a Lugo nas festas do Corpus
tamén fun polas festas do San Froilán.
Iban facer a Ponte,
que aínda está sin comezar.

8.17. Que todo Lugo se estenda
polo río e máis alá.
Porán no río grandes barcas
para ó outro lado pasar.
Xa que a nova Ponte
neste PXOM non está.

8.18. O Concelleiro de Urbanismo
Está guapo a rabeear!
Pero moito máis rabeamos
co PXOM que nos quere dar.

8.19. Escoite Sra. Burgo:
Nas festas do San Froilán
moito polbo, pan e tracas.
Os que nada lle fixemos
non nos teña castigados
e poña no 2006 cabaliños e barracas.

8.20. O alcalde e os concelleiros
botan a lingua a pacer,
pero logo as cousas
quedan moito por facer.

8.21. Concelleiros de Lugo
capullos en flor
que medrais garridos
poñendo o CAZO de honor.

8.22. Á Mariña luguesa
chegaron as inmobiliarias.
As mesmas que axiña
acabarán Cás nosas praias.

8.23. Que aínda é o tempo
desta desfeita parar.
Que os gobernantes, gobernen
Pensando nos do mañá.

8.24. García Díez estaba,
e máis déronlle a patada.
Agora non teñen xente
Xaquiniño, anda vente!

8.25. Oh, amado Auditorio!
Estarás entre nós algún día?
Porque tanto pedir por ti
prodúcenos cagarria.

8.26. Nin facendo a oposición
o PP e máis o Bloque.
Este Concello sigue sendo
a casa de Tocamerroque.

8.27. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



O Gran Espetón pronunciando unhas coplas na Praza do Campo

oposición non fixeron, cando gobernaban, aquilo que
agora reclaman...



Praza do Campo. Motivos de crítica

9. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2007

Por medio dunhas estrofas ou coplas, que vai recitar o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, algúns sectores da cidadanía de Lugo critican a non realización do Auditorio e da Ponte; tamén, a realización dun gran edificio nas costas do Parque de Rosalía. Ademais, tamén se censuran as promesas que levan a cabo os políticos en tempo de eleccións, xa que a maioría non son cumpridas. Así mesmo, faise un xuízo desfavorable sobre os que estando na

Logo de cada estrofa, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento, declaman o refrán que ven a continuación.

O lema do Concello:
"Lugo patas pa riba"
pra que todos digamos
Don Orozco, siga, siga.

9.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención

do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro

9.2. Xuntáronse os tres magníficos
moi riseiros pra facer un pacto:
Asinar un Estatuto
que nos subirá moi alto,
pero saíron os tres
facendo fu, coma o gato.

9.3. Tiráronnos o Teatro
non temos Auditorio
Fixo Lugo para isto
algún acto meritório?

9.4. Dimos a nosa confianza
esperando mellorar...
A fantasma do Auditorio
Fainos agora pensar.

9.5. Un defensor da cultura
dise calquera político.
Mais por unha caprichada
pra o Auditorio, nin un pico

9.6. No Parque un edificio
grande van levantar
e as vistas do Miño
quérennos tapar.
Así verémolo río
no museo virtual.

9.7. Montes ardendo acotío,
Improvisación a tope,
e namentres os políticos...
Eu non vou, que vaia Roque.

9.8. Prestida, Ave e autovías
Onde están que non os vemos?
Pasan os días e os anos
políticos, que facemos?
Pois cantemos
o chaca cha ca chá
o chaca cha do tren
que pena de escoitar
cando nos menten ben.

9.9. Xa veñen as eleccións
Miña naiciña querida!
Échennos de promesas
Pero poucas son cumpridas.

9.10. Galegos todos tranquilos
e todos a traballar...
Porque agora ata as bonecas
piden mexar e cagar.

9.11. Cada quen vai ó seu
do pobo xa nin se sabe!
Pero nestas eleccións

a esta grei de mandilóns,
los va a votar su padre.

9.12. E o que chegue a Alcaldía
que cumpra as súas promesas.
Mirade que é moita a mies,
non gobernades cos pes,
facédeo coa cabeza.

9.13. Nin facendo a oposición
o PP e máis o Bloque.
Este Concello sigue sendo
a casa de Tocamerroque.

9.14. Cal choiva beneficiosa
aos irmáns cantores
impondremos a cinza
aos seus corpos pecadores.

9.15. Sabemos señor Orozco
que non cumpre o que promete
Pero o dice tan bonito...
que a todos nos enternece!

9.16. Que a Ponte por aquí
que a Ponte por alá
ponllo pono ao alcalde
pono ponllo ao Benegá.

9.17. Prohiben andar en coche
de beber e de fumar,
xa solo falta que veten
o acto de fornicar.

9.18. E para o próximo ano
Concelleira Concepción
tráianos "teatro clásico"
pero non adaptacións.

9.19. O alcaldable do Bloque
os seus bens xa declarou
e como saia elegido...
xa veredes como medrou!

9.20. Xa ven García Díez
correndo para a alcaldía.
Porque o que se está a facer
Foi todo idea miña.!

9.21. Concelleiros do PP
non faledes tan lixeiro...
que moito que criticades
vos o fixechedes primeiro.

9.22. Si se vos pasou pola cachola
o volver á Alcaldía.
Poderedes esperar sentados
neses bancos cagados
do parque de Rosalía.

9.23. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio.
En verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



O Gran Espetón recita uns ferretes na Praza de España

10. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2008

Os ferretes aos que vai aludir o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, reflicten unha crítica por parte dalgúns sectores da cidadanía lucense debido a que nin o auditorio e a ponte foron aínda construídos. Neles tamén se censuran os malos accesos a Lugo; os problemas de locomoción ao Hula; e as mentiras que se din na campaña electoral. Por outra banda díselle adeus ao Sr. Cacharro, patrón da Deputación lucense, e dáselle unha loanza a Antonio Penedo, que foi o Gran Espetón desta confraría, home elegante e soñador.

Despois de cada copla, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao acto, recitan o seguinte refrán:

Xoaquín díxolle a Orozco
se queres gobernar
comparte os teus euriños
co Partido Popular

10.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

10.2. Eu merquei unha lanchita
vestina con chapapote
por si cae a Ponte Vella
poder pasar sin capote.

10.3. Da Ponte e do Auditorio
xa non queremos falar,
pois como están ameigados
podémonos contaxiar.

10.4. Xa non queremos ponte
xa non queremos tren
ímonos para Ourense
que alí todo lles vén.

10.5. Nin plan de urbanismo,
nin un auditorio.
Seguimos o mesmo
neste Consistorio.

10.6. Moitos permisos e licenzas
hai que formular
pero os accesos a Lugo
están sen rematar.

10.7. Soño quedou Orozco
sen Anxo e sen Xoaquín,
mais el fura que fura
vai tecendo o calcetín.

10.8. Ai Esperanza, Esperanza!
Que che fixo Gallardón?.
Pois deixache ó probe home
Coma o "Galo de Morón".

10.9. Sube o pan. Sube o leite...
Que fame imos pasar!
Pero baixa o Coello
xa todos a brincar!

10.10. Hoxe remata o Entroido
e todos de corazón
lembrámonos de Penedo
que foi un Gran Espetón.

10.11. A súa falta notamos
elegante e soñador,
con só nomear Penedo,
o Entroido soa mellor!

10.12. Cal choiva beneficiosa
a os irmáns cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.

10.13. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

10.14. Có PP ligou Orozco
có Benegá nin falar,
Xosé-Anxo non se come un rosco
os outros dous, todo van papar.

10.15. Xa veñen as eleccións
xa non deixamos de oír.
Promesas de acá e aló
que nunca se han de cumprir.

10.16. Almorzamos con promesas
e deitámonos igual.
Non saben máis que mentirnos
na campaña electoral!

10.17. Din que o novo Hospital
está xa a rematar,
pero preguntámonos todos
como faremos para chegar?

10.18. A Banda Municipal
segue con mínimos operarios.
Dinos dunha vez Orozco
pra que queres os becarios?

10.19. Xa estamos niso...
mais nada facía.
Así non lle vota
nin a Sra. María.

10.20. No Concello de Lugo
téñenche un gran andazo.
Por iso a Policía

Non che move nin un brazo.
10.21. Nos San Froilanes pasados
muchedumbre, top mantas e ruidos,
e os Gardas Municipais
de folga de brazos caídos.

10.22. Adeus ó Sr. Cacharro
que a Deputación deixou
con un pouco de "cabreo"
porque el era "O Patrón"!

VIVA O ENTROIDO!



Rúa da Raiña. O cadaleito da sardiña

11. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2009

Por medio duns ferretes, que vai pronunciar o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, algúns sectores da cidadanía lucense levan a cabo unha crítica sobre a crise, que parece ser que só é para algúns. Tamén censuran as políticas corruptas e ao goberno bipartito da Xunta. Ademais establecen un xuízo desfavorable contra as ausencias constantes da policía naqueles ámbitos nos que se necesita...

Despois de cada ferrete, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao acto, pronuncian o refrán, que sinalo a continuación.

O mellor desta cidade
somos o pobo lucense
énchenos de promesas
e seguimos tan pacientes.

11.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención

do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

11.2. Pasarela 2009, ano das eleccións
políticas e políticas
visten cascos e levitas
para tódalas inauguracións.

11.3. Recoman para a crise
apretar o cinturón
que empecen os políticos
que gastan sen ton ni son.

11.4. A nosa querida política
estache toda corrompida,
por un lado a espionaxe
polo outro a cacería.

11.5. Mexan por nós
e din que chove,
últimamente os ministros
veñen a Lugo de nove en nove.

11.6. Ven a ministra "Maleni" a Lugo
a vendernos a Ponte Augusta
debe pensar que ós de Lugo
que nos dean por detrás nos gusta.

11.7. Despois de ver o que fixo
o Goberno Bipartito,
todos berramos a coro
da igual frautas que pitos!.

11.8. A Lugo chegou Monseñor Rouco
pregámoslle con fervor
desta cidade Sacramental
que se digne amañarnos.

11.9. Ten Orozco un caderniño
para apuntar os problemas,
se garda todo o que escribe
serán tres enciclopedias.

11.10. O PP de Lugo está que bufa
querían poñer a "ese" ou "aquele",
e Santiago rebufa
e puxeron a Raquel.

11.11. Contounos no periódico un do PP
que ir a Madrid en tren e unha osadía,
pero querido Xoaquín...
se o pobo de Lugo xa o sabía.

11.12. Como lle propuso Barreiro,
non quixo Xosé Anxo ser alcalde,
ben sabe o do BNG...
que o PP non da nada de balde.

11.13. Dáche o mesmo quen governe,
goberno ou oposición:

uns din que moito fixeron
e os outros que o farán mellor.

11.14. Xa cansamos de agardar
polo ditoso Auditorio,
máis dun deles por mentir
irá dar no purgatorio.

11.15. Estamos en tempo de crises
a xente di: Esto está mal!
Besteiro estrea cochazo
parécevos esto normal?

11.16. Os Policias de Lugo,
onde están, que non os vemos!
tes que apretar máis Darío
para poñerlles os freos.

11.17. No pasado San Froilán
moito marroquí moita ganga,
e os nosos municipais
coma sempre de baranda.

11.18. Eu paseo polo río
levo botas de montaña,
manda carallo Cás obras!
eso sí é gran fazaña. (1)

11.19. Hai dez anos, Orozco prometeu:
Auditorio, Ponte, Tren e Autovía,
cumprir, o que se di cumprir...
non cumpriu nada, todavía.

11.20. O follón no Concello
que tiveron cos presupostos
demostrou o Sr. Orozco
que os ten ben, pero moi ben postos.

11.21. Cal choiva beneficiosa
A or irmans cantores
Impondremos a cinza
Ós seus corpos pecadores.

11.22. Sufrido pobo lucense,
aquí remata o repertorio.
En verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



Praza de España. Cortexo fúnebre.



Algúns membros da orquestra e da confraría recitando o refrán de crítica na Praza de España

12. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2010

Nas coplas, que vai recitar o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, imos encontrar diversos elementos de crítica dalgúns sectores da cidadanía lucense. Así, podemos distinguir unha crítica sobre o paro, que ía solucionar o Sr. Feijóo, cando estaba na oposición; tamén, sobre a urxente necesidade de arranxos, relacionados cos sumidoiros das rúas. Ademais unha censura sobre a reparación de certas rúas recentemente rematadas; e sobre a tardanza do funcionamento do novo Hospital (Hula). Así mesmo unha crítica sobre as persoas relacionadas coa Operación Carioca e co pago das multas. Finalmente, unha censura sobre a deficiente conservación e limpeza do Parque de Rosalía...

Logo de cada estrofa, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento, recitan o seguinte refrán:

Antes era Pepiño
agora é Don José
e todo se lle debe
ao chacachá do tren.

12.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro

12.2. A rúa do Doutor Fleming
hai pouco foi rematada,
Quen revisou esas obras?
xa está toda escarallada!

12.3. Xa temos Ponte e Hospital
pra montar un jolgorio
xa só nos falta
o ansiado Auditorio.

12.4. O cuartel de San Fernando
o están deixando caer,
cando queiran facer algo
para nada vai valer.

12.5. Dinlle cartos á muller para ir a perruquería
chegou cos cabelos desfeitos
viña toda enfurruxida.
Cariño non te me enoxes
eche a auga da traída.

12.6. Prometer, prometen abondo
os nosos politiquitos,
cumprir non cumpren un carallo
e trátannos coma tontiños.

12.7. Din que o novo Hospital
está xa a rematar
e todos nos preguntamos
cando vai funcionar?.

12.8. Quen nolo ía dicir
despois de unha chea de anos.
que o 2010 chegaría
sen que de lonxe se vira
nin o Auditorio nin o Museo Romano.
Pasarán outros cen anos, e seguiremos
como estamos.

12.9. Os bancos da Praza Maior
seguen arredor dos poetas,
coidaron facelos de pedra
para que duraran ben...
Pois a cara de quen os puxo
de pedra quedou tamén.

12.10. A crise xa dura moito
e remedio non terá
por iso a nosa Muralla
con candís se alumará.
Seica no Concello de Lugo
nin pra mixtos teñen xá.

12.11. Os cartos de todos
ao furado do colchón,
pois pararon as obras
e máis a contratación.

12.12. Cando eu era pequerrechiño
e recorría a cidade, preguntábanme
que queres ser de maior?
Eu respondía: Garda Municipal
A miña nai dicíame:
pero bueno ti és tonto do bote
Non mamá, eu o que non quero
e dar golpe.

12.13. Para algúns ir de “chiquitas” en Lugo
ata agora era de moca,
pero fodéuselles o choio
coa Operación Carioca.
As multas en Lugo non as paga nin Deus
acabouse o choio amigos!

12.14. A xuíza vaillas facer pasar canutas
á Garda Civil e Policias
e máis xente de medio pelo
todo por querer ir pola cara as putas.

12.15. Señor Alcalde,

Lugo saber querría,
se algún día vaille meter man
ó tema da Policía.

12.16. O de perdoar as multas en Lugo
éche algo moi habitual,
dende calquera Concelleiro
ata o Vicario Xeral.

12.17. Que pasa có noso Parque
orgullo desta cidade?
Ben diría Rosalía
Isto é para que a xente cague!

12.18. A gripe A viña con presa
de onde viña... nin se sabe,
polo camiño quedou
dín que en algunha empresa!

12.19. O AVE xa saliu do cascarón
vai pasar por moitos sitios,
E pasará por Lugo?
Ou si ou non!

12.20. Cal choiva beneficiosa,
aos irmáns cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.

12.21. Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio.
En verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

VIVA O ENTROIDO!



Ornamentación da fachada do Concello de Lugo

13. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2011



O Gran Espetón recita unhas coplas na Praza do Campo

Algúns sectores da cidadanía lucense, por medio dunhas coplas que vai recitar o Gran Espetón desde o templete da Praza de España, van levar a cabo unha crítica sobre diferentes actitudes e comportamentos. Así, unha crítica á deficiente conservación da Muralla, Patrimonio da Humanidade. Unha censura contra a construción do Garañón, nas costas do Parque -hoxe detida-. Un xuízo desfavorable contra o estado ruinoso do antigo Cuartel de San Fernando...

Pola contra unha loanza a D. José Barreiro -xa finado- no vinte e seis aniversario da saída do Enterro da Sardiña, logo de máis de cincuenta anos sen saír. Tamén unha loanza a Lucía, do Incio, na súa participación en Eurovisión.



Motivos de crítica

Logo de cada copla, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao evento, declaman o refrán, que sinala a continuación.

Cagan e cagan
e volven a cagar
ós cans pola muralla
e os donos a mirar.

13.1. Amiguiños e amiguitas
esta vida é unha leria,
mentres uns cantan moi ledos
outras choran as miserias.
Este Enterro da Sardiña
facémolo para alegrar
a todos aqueles lucenses
que o están a pasar mal.

13.2. As eleccións están preto,
no Concello liortas hai,
Orozco, saca peito
Castiñeira, moito máis,
os do Bloque pían xuntos.
Carallo cos de Lugo
Hai alguen que dea máis?

13.3. A Muralla é ben de todos
e debémola coidar,
impedindo que os canciños
nela vaian cagar.
Así estará limpiña
cando os de fóra, a veñan visitar.

13.4. A crise que sufrimos
non chega á Deputación,
pois os do Quilómetro Cero
viaxan sen pagar un patacón.

13.5. Falan e falan moito
os que mandan no PP,
pero eles tampouco convencen
e a xente así o ve.

13.6. Vergoña pras autoridades
que o Garañón permitiron.
Eles non pagarán,
nós, pagaremos o cirio.

13.7. O Hula tardou nove anos,
a nova Ponte case vinte.
Pra rematar o Auditorio
o dous mil trinta, ou o seguinte.

13.8. O PSOE "I Love You" Lugo.
O PP non quere ser menos.
O BNG vaino mellorar.
Deus!! Pengan que somos nenos.

13.9. Na Ronda do Carme
non se pode construír,
pero nas Costas do Parque
rascacielos poden ir.

13.10. O cuartel de S. Fernando
ía non ser que.
El só se vai desmoronando
e a culpa de quen é?

13.11. Médicos e enfermeiras
pedían un novo Hospital.
E agora que están no novo
suspíran polo Xeral.

13.12. E se tés algo que facer
será urxente o transitorio.
Nunca te fíes do reloxo
que temos no Consistorio.

13.13. Menudas carreiras nos damos
alá polo novo Hospital,
Así o persoal está en forma,
para os enfermos coidar.

13.14. Pengan xa nas eleccións,
corren arreo os políticos.
Semellan gatos lambendo
os paos de colgar chourizos.

13.15. Grazas ao noso porquífero
non morreremos de fame.
Habiamos de lucir,
tan mantidos como o Alcalde.

13.16. A nosa paisana Lucía
vai ir a Eurovisión.
É seguro que gañará
coa súa bonita canción.

13.17. Está todo moi calado
non se fala do Auditorio
xa se fará... xa se fará
e seguen co repertorio.

13.18. A Muralla é ben de todos.
O Goberno cos novos planes
impedindo que os canciños
nela vaian a cagar.
Así estará limpiña
cando os de fóra, a veñan visitar.

13.19. O Cuartel de San Fernando,
museo da romanización.
Seguiremos esperando,
non hai outra solución.

13.20. Cal choiva beneficiosa
a os irmáns cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.

13.21. Loitou D. Pepe Barreiro
de volver a tradición
e logrou sacar a rúa
o Enterro da Sardiña
con estandarte e insignia,
Moro Muza e Espetón.
Hoxe fai vinteseis anos
dista recuperación,
era alcalde Don Vicente
-home de moita "morriña"-
Quen non dudou de apoiar
O Enterro da Sardiña.

VIVA O ENTROIDO!



O cadaleito da sardiña portado nas andas por catro confrades

14. Ferretes do Enterro da Sardiña. Ano 2012

O Gran Espetón, desde o templete da Praza de España, fai alusión a uns ferretes, que constitúen en gran medida unha censura dalgúns sectores da cidadanía lucense con respecto a diferentes actitudes e comportamentos negativos existentes na cidade. Así, podemos establecer unha censura contra os banqueiros e políticos corruptos; contra o deficiente estado de conservación da Muralla; contra certas obras, que aínda non acaban de comezar, como é o caso da Ronda Sur, do Auditorio... Unha crítica profunda ao caso "Campeón", que constitúe unha clara falta de igualdade diante da lei. Finalmente un xuízo desfavorable en contra dos políticos, que actúan cunha demagogia que non ten límites.



Motivos de crítica

Logo de cada estrofa, tanto a confraría do Enterro da Sardiña como o público asistente ao acto, recitan o seguinte refrán:

Xa se aprobou o PXOM
xa lugo pode medrar
aínda ha vir un cabrón
pra volvelo estropear

14.1. A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

14.2. Sen concertos no Xacobeo,
a Muralla sen limpar,
o Auditorio que non arranca,
e a Ronda Sur sen empezar.

14.3. Os políticos van por libre,
dos seus soldos nin falar
Quitannos os nosos dereitos
e os de Lugo... ver, oír e calar.

14.4. Os banqueiros, soldos sin parar;
dos políticos... mellor non falar,
os mercados ao poder
e o pobo que vai facer?

14.5. Agora vai Orozco,
de xefe da Policía.
Non hai maneira de amañalo
pero... o Alcalde xa o sabía.

14.6. Castiñeiras gañou de largo,
xuntáronse os outros para fodelo,
non sabe Xaime que no cargo
a Orozco, hai que roelo.

14.7. As obras do Garañón
non nos deixan ver o río.
Dixo o xuíz "hai que tiralas"
Dixo Orozco vaia lío.

14.8. Contra o Garañón estaba o Bloque.
Agora que está no Goberno, cala.
Que di agora o Sr. Bao?
Non era unha animalada.

14.9. Todos os de Lugo
estamos cabreados.
Nin Auditorio nin AVE...
Vaian todos ao carallo.

14.10. Chicles por las aceras,
cagarrutas por los parques,
mozos e donos dos cas,
que as limpen ou o paguen.

14.11. A xustiza ó revés,

ou o cazador cazado,
os delincuentes na rúa
e o Garzón condenado.
14.12. Feijoo di: A única alternativa é
as rebaixas das retribucións.
Xa estamos bastante fartos
de que nos toquen os “collóns”
Mais olvídase da Muralla,
e como sigan sen limpar
vaina a declarar
ben de interés Natural.

14.13. Para os recortes
Tixeiras!!
Para tocarlle as pelotas a Orozco
Xaime Castiñeiras!!

14.14. A Muralla de Lugo
é un ben Patrimonial,
cantas voltas dá a Xunta
por empezala limpar.

14.15. Con tanto guardia tumbao,
que puxeron polo Rato,
ós talleres de Lugo
acabóuselles o paro.

14.16. A autopista a Santiago po 2015?
A min dáme a risa.
E as obras do Auditorio?
Esas non teñen prisa.

14.17. O grande Señor Dorribo
ten os cartos a cachón:
Coches, chalé, escudaría...
Mirade de onde os sacou.

14.18. En Facenda os Inspectores
xa poden dar zapatilla
para coller ós Peixes Grandes
e deixar as sardiñas.

14.19. Nupel paga Arde Lucus.
Nupel paga funcións
Nupel paga de todo.
E ó final pagamos nós.

14.20. O ladrillo está en crise.
O Bloque en descomposición.
Así non hai quen amaíe
o ramo da construción.

14.21. Temos un novo goberno
e un congreso anovado,
onde os deputados só están
a contar os cartos gañados.
Políticos corruptos,
aferrados ao poder,
ídevos pronto pra casa
deixádevos de poder.

14.22. Ao Ave levouno o demo,
ao Auditorio, sabe Dios...
Pepiño xa non é ministro
que perdeu as eleccións.

14.23. Mil oitocentos oitenta.
Chegou a Lugo o Trenvía
e unha data para o AVE?
Outros cento trinta anos.

14.24. Cal choiva beneficosa,
aos irmáns cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.

14.25. Se me deran a escoller,
eu non sei que escollería:
Vivir en Lugo o Entroido
ou O Enterro da Sardiña.

VIVA O ENTROIDO!



Praza do Campo. Algúns confrades e público en xeral.

15. Coplas de remate do Enterro da Sardiña

A música dos choróns do Gabiáns serve para pechar o acto. Esta é a mesma que se utilizaba na etapa anterior, correspondente á segunda metade do século XIX. Como remate do acto, o Gran Espetón pronuncia desde o templete da Praza da España dúas estrofas²⁰,

²⁰ As coplas están publicadas no artigo de *José Manuel Blanco Prado*, que leva por título “O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo (1983-2002)”, en *Anuario Brigantino*, n.º 39, 2016, páxs. 485-517. Pode consultarse nas seguintes páxinas dixitais: Anuariobrigantino. betanzos.net, 2016. Galicia encantada. Contidos. Revista Dixital n.º 14. Ano 2018. www.galiciadigital.com. Opinión. Buscador. Blanco Prado, José Manuel.

que son contestadas pola Confraría do Enterro da Sardiña co seguinte refrán:

Non hai por que sufrir
non hai por que chorar
por esta sardiña
que imos enterrar.
Non hai por que sufrir
non hai por que chorar
se ó final de todo
resucitará.

III. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS ANTROPOLÓXICAS SOBRE O ENTERRO DA SARDIÑA

Éstas poden xirar en torno a tres conceptos: crítica, máscara e risa.

1. Crítica

O Enterro da Sardiña amosa certos trazos de liberdade, de inversión de roles. É unha oportunidade propicia para manifestar dun xeito libre unha crítica ao comportamento e proceder dalgúns autoridades de índole local polo seu labor realizado ao longo do ano; tamén, aínda que menos, se realiza unha censura sobre algunhas autoridades que presiden as institucións, tanto autonómica como estatal. Isto lévase a cabo nun ton humorístico, de burla e de sarcasmo, utilizando unhas composicións poéticas de catro versos, que reciben o nome de "ferretes"²¹. Ás veces, tamén se fai algunha loanza a algunha autoridade pola tarefa realizada, ou no intre da súa despedida.

21 Desde o ano 2004 poden participar os cidadáns lucenses nos ferretes, que o Gran Espetón vai ler desde o templete da música.



Praza de España. Os portadores ensinan o cadaleito ao público alí presente

2. Máscara

As máscaras aparecen xa no Paleolítico e, logo, atopámolas en todas as culturas. A súa polisemia ven marcada polo medo, polo pracer, pola perplexidade, pola licenza festiva, pola confusión, pola desorde, polo anonimato, e pola falta de control momentánea...²².

A máscara de ollo enmascara o noso sinal físico de identidade, o desindividualiza, dotándoo dun novo ser, sen nome e sen voz. Non obstante, a máscara en xeral e, mesmo a "de ollo" -usada moito no Enterro da Sardiña- non só invalida porcións do "eu" físico, senón tamén sociocultural e moral, xa que comezan a operar forzas desorientadas, que consenten ser o que non se debe ser e realizar o que non se debe facer. Estamos nunha inversión de roles, que se vive en intensidade, en irresponsabilidade, rexidas polo sentimento e a paixón. A autoridade, a norma, o costume, a sexualidade, a crenza... están sometidos a unha crítica

22 Lisón Tolosana, Carmelo: *Teoría etnográfica de Galicia*, Madrid: Akal, 2012, páx. 127.

acerba e lúdica no enterro do entroido (eu engado tamén o “enterro da sardiña”), ritual ambivalente, que celebra e condena ao persoeiro, que o enterra mais que chora a súa ida e que pide a gritos que volva²³. Pois ben, a inversión carnalesca robustece e consagra as diferenzas, as normas, a autoridade e os valores comunitarios. Trátase dun paréntese na vida cotián, para que o “statu quo” quede consolidado.

3. A risa

Finalmente esta festividade leva en sí mesma a risa polo que está acaecendo, produto da teatralidade, da inversión de situacións e da parodia de diferentes feitos da vida real. Polo tanto, non resulta estraño pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquedanzas coa risa da xente do común, xa que ía dirixida cara a unha legalidade vixente imposta rixidamente²⁴.



Rúa da Raíña. O cortexo fúnebre

23 Lisón Tolosana, Carmelo.: *Ob. cit.*, páx. 128.

24 García Cendán, Bernardo: “ O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1993, páx. 52.

IV. BIBLIOGRAFÍA SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO

BARREIRO VARELA, José: *Anecdotario Lucense*. Lugo: Biblioteca “El Progreso”, nº2, 1993.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, páxs. 203-222.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa*. T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa*, nº 19, 2009, páxs. 58 -84.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia*, nº 39, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia*, nº 40, Lugo, 2010, páxs. 163-172.

BLANCO PRADO, J.M.: “2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. No prelo.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa*, nº 22, 2012, páxs. 78-105.

BLANCO PRADO, J.M.: «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia*, nº 45, 2012, páxs. 378-389.

BLANCO PRADO, J.M.: *O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística Provincial, 2013.

- BLANCO PRADO, J.M.: «Aportacións sobre o Entroido Lucense». *Anuario Brigantino* nº 36, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495-513.
- BLANCO PRADO, J.M.: Autor da foto da portada do libro «O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboia de Brollón)», Deputación Provincial de Lugo, 2014.
- BLANCO PRADO, J.M.: *Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo*, Mesón do Forno, Lugo, 2017.
- BLANCO PRADO, J.M.: "O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985-2002", *Anuario Brigantino*, nº 39, Concello de Betanzos (A Coruña), 2016, páxs. 485-517.
- CARO BAROJA, J.: *El Carnaval*, Madrid: Taurus, 1983.
- COCHO, Federico: *O Carnaval en Galicia*, 2ª ed, Vigo: Xerais, 1992.
- FIGUEIRA TENREIRO Sabela: *O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudo desta festividade na Terra Chá*. Revista de Investigación de Galicia Encantada. Revista Electrónica de investigación / ISSN 1887-2859. Lugo, 2008.
- GATO SOENGAS, Antonio: *O Entroido de "Casa de Naia"*, Lugo: Deputación Provincial, 1992.
- GONDAR PORTASANY, Marcial: "As máscaras do Poder. A linguaxe do Carnaval", *Crítica da Razón Galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros*. A Nosa Terra, Vigo, 1993, páxs. 161-166.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R.: *Entroido en Galicia*. A Coruña: Deputación, 1985.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.
- LISÓN TOLOSANA, C.: *Antropología Cultural de Galicia*, Madrid: Ed. Siglo XXI, 1971.
- LISÓN TOLOSANA, C.: *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*, Madrid: Akal, 1974.
- Máis de media ducia de Escritores chairegos e o Antroido*, Asociación Cultural "Val de Francos." Lugo: Gráficas Lucenses, 1993. Coord. Xosé Manuel Carballo.
- MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os praceres da carne*, 2ª ed., Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2003.
- RISCO, Vicente: "Etnografía: Cultura espiritual", en *Historia de Galicia*. T.I, Madrid, Akal, 1979, pp. 225-763.
- TABOADA CHIVITE, Xesús.: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*. Vigo: Galaxia, 1972.
- VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel: "O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. VII. Vol. 2, 1995, pp. 249-258.